



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2015.

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA.</p> <p><u>SR. SECRETARIO:</u> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e trinta e seis minutos do día vinteseite de novembro de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17-09-2015.-

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias, manifestando que non se lles remitiu o Audio da Sesión, polo que solicita que quede pendente a aprobación da acta.

Sometida a votación a proposta do Sr. Mesias Farias de deixar o asunto pendente, o Pleno do Concello por 6 votos a favor (3 BNG e 3 PP) e 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), acorda rechazar a proposta.

Acto seguinte sometese a votación a aprobación do Acta da sesión celebrada polo Concello Pleno o día 17 de setembro de 2015, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), acorda prestarlle a súa aprobación.

Faise constar que os membros do BNG e do Grupo Municipal do Partido Popular non votan este asunto.



Punto 2º.- DAR CONTA SENTENZAS.-

A) T.S.X.G. Sá do Social do 22-10-2015.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura a Sentencia do Recurso de Suplicación 0005313/2014 S. Socail 629/2013 Xulgado do Social Ferrol núm. 1, na cal se dicta o seguinte **FALLO**:

“Desestimamos los recursos de suplicación interpuestos por las representaciones letradas de D. Ramón Costa Fernández, Concello de Ares, Instituto Nacional de la Seguridad Social, Concello de Ares, Instituto Nacional de Seguridad Social y Mutua Fremap contra la Sentencia del Juzgado de lo Social núm. 1 de Ferrol, de 2 de mayo de 2014 en autos núm. 629/2013, que confirmamos.

Dése el destino legal a los depósitos efectuados por las entidades recurrentes. Codenamos a la Mútua FREMAP a abonos los horarios del letrado del actor-impugnante de recurso por importe de seiscientos cincuenta euros (650 Euros).”

O Concello Pleno dase por enterado.

B) Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol. Sentenza 00107/2015 do 31/07/2015 e firmeza da mesma.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura a Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol. Sentenza 00107/2015 do 31/07/2015 e firmeza da mesma, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Que estimo el recurso interpuesto por la empresa Construcciones Concifa S.L. contra la resolución de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Ars de fecha 18 de diciembre de 2014 que acuerda desestimar el recurso presentado por la demandante contra el acuerdo de ejecución aval resuelto de la Juan de Gobierno Local de fecha 09 de octubre de 2014, resolución que se anula por no ser conforme a Derecho. Las costas se imponen a la demandada”.

O Concello dase por enterado.

C) Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol. Sentenza 00192/2015 do 19/10/2015.

Polo Sr. Secretario dase lectura a Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol núm. 1, Sentenza 00192/2015 de data 19/10/2015, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que estimo parcialmente el recurso interpuesto por la empresa Construcciones CONCIFA S.L. contra el acuerdo de la Junta Municipal de Gobierno del Ayuntamiento de Ares de fecha 26 de marzo de 2013, resolución que se anula, condenando a la



demandada a que abone a la demandante la cantidad de 130.882,22 Euros, más los intereses legales.

Sin expresa imposición de costas.”.

O Concello Pleno dase por enterado.

D) Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 Ferrol firmeza Sentenza 27/05/2015 “Cesar López Santiago”.

Polo Sr. Secretario dase lectura á firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, firmeza Sentenza 27/05/2015, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Que desestimo el recurso interpuesto por don César López Santiago contra la convocatoria y bases específicas del proceso selectivo para la formación de una lista abierta para la contratación laboral temporal de auxiliares de la Policía Local del Ayuntamiento de Ares, publicada en el Diario de Ferrol el 30 de octubre de 2014, resolución que se declara conforme a Derecho.

Sin expresa imposición de costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

E) Xulgado Contencioso Administrativo núm.1 de Ferrol, Sentenza 00200/2015 de 06/11/2015”.

Polo Sr. Secretario Xeral, dase lectura da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol, Sentenza 00200/2015 de 06/11/2015, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la letrada D^a Aránzazu Maiztegui Martínez, en nombre de D^a Susana Fernández Muiño, frente a la resolución de la alcaldía núm. 346/14 de 3/11/2014 por la que se apreuban las bases que regirán la convocatoria de contratación de laboral temporal de un auxiliar administrativo a tiempo completo para los servicios intervención-tesorería, bajo la modalidad contractual de obra o servicio por espacio de dos años y el acta de la comisión seleccionadora de 18/11/2014; declarando la nulidad de la base décima en lo que se refiere a la valoración de servicios prestados en otras Administraciones en puestos análogos que deberán valorarse con la misma puntuación fijada para los servicios prestados en el Concello de Ares en puestos análogos, así como en cuanto a la valoración únicamente de las titulaciones en ciencias económicas/empresariales, debiendo valorarse con los mismos puntos la titulaciones en Derecho, Ciencias Políticas y de la Administración, Sociología, Administración de Empresas, Economía y Ciencias Actuariales o Financieras. En consecuencia, se declara la nulidad del acta, de fecha 18/11/2014, por el que la comisión seleccionadora efectúa propuesta de



contratación a favor de Dña. Rocio Castro Pico, deixando sin efecto dicha proposta de contratación y ordenando retrotraer el proceso selectivo hasta el momento inmediatamente anterior a la proposta de contratación, para que la Administración proceda, de acordo con la nulidad acordada en esta sentenza, a realizar una nueva proposta de contratación a favor de la persona que alcance maior puntuación.

Todo ello, con imposición de costas a la Administración demandada hasta un límite máximo de 400 euros.”

O Concello Pleno dase por enterado.

F) TRIBUNAL Supremo: Sentenza de 16/11/2015 “Casación para unificación de doctrinas”.

Polo Sr. Secretario Xeral, dase lectura a Sentenza do Tribunal Supremo de 16/11/2015 “Casación para unificación de doctrinas” na que se dicta o seguinte FALLO:

“No ha lugar al recurso de casación para unificación de doctrina núm. 2016/2015 interpuesto en representación del AYUNTAMIENTO DE ARES contra la sentencia de la Sección 2ª de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de 11 de diciembre de 2014 (recurso contencioso-administrativo 4814/2012), con imposición de costas del recurso de casación a la parte recurrente en los términos señalados en el fundamento cuarto”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DESIGNACION MEMBROS COMISIONS INFORMATIVAS.

A) P.P.

Dase conta do Escrito presentado polo Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de data 12 de novembro de 2015, núm. rexistro de entrada 4019, relativo a designación dos membros do grupo municipal do Partido Popular as seguintes comisión Informativas:

1.- COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS:

TITULAR: D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ.

SUPLENTE: DÑA. MARTA SEIJAS DIAZ.

2.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E EMPREGO.

TITULAR: DÑA. MARTA SEIJAS DIAZ.

SUPLENTE: D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ.



3.- COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTES, EDUCACIÓN E PATRIMONIO.

TITULAR: DÑA. MARTA SEIJAS DÍAZ.

SUPLENTE: DÑA. JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

4.- COMISIÓN DE URBANISMO, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

TITULAR: DÑA. JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

SUPLENTE: D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ.

5.- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE.

TITULAR: D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ.

SUPLENTE: DÑA. MARTA SEIJAS DIAZ.

6.- COMISIÓN DE TURISMO, COMERCIO, INDUSTRIA, TIC'S E XUVENTUDE.

TITULAR: DÑA. MARTA SEIJAS DIAZ.

SUPLENTE. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ.

O Concello Pleno dase por enterado.

B) NOVA ALIANZA.

Dase conta do escrito presentado por D. Luis Cendan Fernández, con data 13 de novembro de 2015 e número de rexistro de entrada 4031, no que solicita formar parte das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión Informativa de Urbanismo.
- Comisión Informativa de Facenda.
- Comisión Informativa de Persoal e Plans.

O Concello Pleno dase por enterado.

C) PSOE:

Dase conta do escrito presentado polo Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, de data 12 de novembro de 2015, relativo a designación membros do grupo do PSdeG-PSOE nas comisións informativas:



COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS:

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA.

COMISIÓN DE MULLER INFANCIA, SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E EMPREGO.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D^a MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.

COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTES, EDUCACIÓN E PATRIMONIO.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D. JOSE JUAN VILAR RICO.

COMISIÓN DE PLANS E PERSOAL.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D. JOSE JUAN VILAR RICO.

COMISIÓN DE TURISMO, COMERCIO, INDUSTRIA, TIC'S E XUVENTUDE.

D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

O Concello Pleno dase por enterado.

D) SON DE ARES.



Dase conta do escrito presentado por D. Gustavo Pita Carballeira, de data 16 de novembro de 2015, con número de rexistro de entrada 4065, no que comunica que se integra nas seguintes comisións informativas:

Comisión de Turismo, Comercio, Industria, Tic's e Xuventude.

Comisión de Plans e Persoal.

Comisión de Cultura, Deportes, Educación e Patrimonio.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DESIGNACIÓN CONCELEIROS DELEGADOS.

Dase conta da Resolución da Alcaldía.Presidencia núm. 463 de data 30 de Outubro de 2015, do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 463 DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2015.

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

Primeiro.- Designar a Dn^a. **MARÍA VICTORIA MONTENEGRO PAZ**, Concelleira-Delegada de **MULLER, INFANCIA, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS E EMPREGO**

abranguendo a facultade de dirixi-los servizos de muller, infancia, sanidade e servizos sociais asemade como de xestionarllos en xeral.

Segundo.- Designar a Dn. **JOSÉ EUGENIO FERNÁNDEZ LAGO**, Concelleiro-Delegado de **CULTURA, DEPORTES EDUCACIÓN E PATRIMONIO**, abranguendo a facultade de dirixi-los servizos de cultura, educación e patrimonio.

Terceiro.- Designar a Dña **OLIMPIA MARCOS GARCÍA**, Concelleira-Delegada de **URBANISMO, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE**,

abrangendo a facultade de dirixi-los servizos de urbanismo, equipamentos, infraestructuras e medio ambiente.



CUARTO.-Designar a Dn. **JOSÉ JUAN VILAR RICO**, Concelleiro-Delegado de **OBRAS SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE**, abranguendo a facultade de dirixi-los servizos, obras ordinarias, repetitivas e de escasa entidade, mantemento de instalacións, policía local (sinalización viaria, ordenación do tráfico, seguridade), protección civil, servizo de obras e mantemento de vías e instalación públicas de alumeados.

QUINTO.- Designar a Dn. Luis Cendán Fernández, Concelleiro-Delegado de **PLANS E PERSOAL**, abranguendo a facultade de dirixi-los servizos en materia de Plan Xeral de Ordenanzación Municipal, Plans Especiais, Instrumentos de desenvolvemento, Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urban etc.

En materia de persoal: Xefatura de Persoal, políticas de formación e perfeccionamento do persoal, plantillas orgánicas, cadros de postos de traballo, clasificacións, nomeamentos, permisos, licenzas, vacacións, políticas de prevención de riscos laborais

SEXTO.- Designar a D. Gustavo Pita Carballeira, Concelleiro-Delegado de **TURISMO, INDUSTRIA, TIC'S E XUVENTUDE**, abranguendo a facultade de dirixi-los Servizos de Turismo, promoción turística e industrial do Concello, venda ambulante, sedentaria, mercadillos, Mercado Municipal, coloquios charlas, simposiums dirixidos á xuventude, información xuvenil. Casa do Xuventude, Tecnoloxía da Información e Comunicación.

SÉPTIMO.- Esta Alcaldía reservase para a súa xestión pola mesma os servizos de **FACENDA, E CONTAS**.

Sexto.- Da presente Resolución darase coñecemento ó Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, notificándose ademais persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales.

Así o ordena e dispon o Sr. Alcalde-Presidente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a trinta de outubro de 2015, do que eu Secretario-Acctal dou fe.”

PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE CONVENIO CONCELLO DE FENE “SUBMINISTRO DE AUGA Á PARROQUIA DE CAAMOUCO, LUGARES DE A MALATA, IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E SOLAINA”.-

Dase conta do escrito do Concello Pleno polo que se achega certificado do acordó Plenario de data 05.11.2015, no que se aproba o "**Convenio de Colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Caamouco, Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina**".



Sometido o asunto o votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación ao convenio de Colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga ós lugares de Malata-Ixobre, Chao do Monte, Pallizo, e a Solaiana, que seguidamente se transcribe:

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA O SUBMINISTRO DE AUGA Á PARROQUIA DE CAAMOUCO. LUGARES DA MALATA IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E A SOLAINA.

Fene,.... de dous mil quince.

REUNIDOS

O Sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Juventino José Trigo Rey, en nome e representación do referido Concello.

O sr. Alcalde do Concello de Ares, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en nome e representación do mesmo.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPONEN

- I. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos neste artigo. No apartado 2 do citado artigo, establécense unha competencias propias que o municipio debe exercer, entre as que está o abastecemento de auga potable a domicilio, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: "a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administiações do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos ñas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban".

Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regulanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscripción de convenios.

- I. Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos vecinos, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión



pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

- IV. Que o municipio de Fene dispoñe de rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, rede que se atopa a unha distancia de quince metros da rede de tubarías instaladas polo Concello de Ares para dotar do servizo aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e ASolaina.
- V. Que un obxectivo fundamental e prioritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a todos os veciños, de xeito que, dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar aqueles servizos públicos propios que contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade vecinal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.
- VI. No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestalles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina, de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Fene a Ares, os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Fene autoriza ao Concello de Ares a realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre a Ares para dotar do servizo de abastecemento á parroquia ou núcleos de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina.

Segunda.- Para dar subministro á rede de abastecemento de Ares será necesaria a instalación dun contador que permita rexistrar a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene.

O Custo das obras de conexión e instalación do contador será financiado e contratado polo Concello de Ares, e realizado polo concesionario do servizo do Concello de Fene (Viaqua), co que se evitan problemas de conformidade coa boa execución das obras.

Asi mesmo serán de conta do Concello de Ares os gastos de reparación do citado contador.

Terceira.- O Concello de Fene ou concesionario do servizo, no seu caso, percibirá as tarifas pola prestación do servizo ou subministro, de acordo coas tarifas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento e o cano de auga correspondente (tributo autonómico).

Se durante a vixencia do convenio ou a súa prórroga e como consecuencia do aumento da demanda, o Concello de Fene considerase necesario ampliar a capacidade dos depósitos de Vilar de Coló, o Concello de Ares e o de Fene contribuirán a financiación das obras na proporción correspondente o seu consumo anual da dita instalación.

Cuarta.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordo coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc..) que estableza o Concello de Fene ou a ordenanza fiscal correspondente.

O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Ares ao concesionario do servizo, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.

Quinta.- O Concello de Ares comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Fene polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.

Se por calquera causa o contador estivera avariado, sendo imposible a medición do consumo, facturarase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

Sexta.- Comisión de seguimento



Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

Sétima.-Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e estenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2.035, entendéndose prorrogado tácitamente por períodos de cinco anos, se non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou das súas prórrogas.

Oitava: Natureza xurídica e xurisdición competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Extinción.

Por mutuo acordó das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordó de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos ñas súas estipulacións.

Extinguído o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo *acordó*, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.»

SEGUNDO.- Notificar o presente acordó ao Concello de Ares.

TERCEIRO.- A formalización do convenio farase efectiva unha vez quede acreditada a aprobación do convenio polo órgano competente do Concello de Ares."

PUNTO NÚM. 6.- SOLICITUDE Á DEMARCAÇÃO DE COSTAS DE GALICIA DE CONCESIÓN OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE: ALBOÍO DE QUININ.

Visto o Proxecto de data xaneiro de 2015, redactado polos arquitectos D. Nicolás Castelo Pérez e D. Luis Felipe Cabezas Torrelo por encargo deste Concello para Rehabilitación de edificio municipal: "Alboio de Quinin" para uso público e perante a necesidade de tramitar oportuna autorización por ocupación do D.P.M.T. ante a DEMARCAÇÃO DE COSTAS DE GALICIA.

O Pleno do Concello de Ares, por unanimidade, acorda:



Primeiro.- Aprobar o proxecto de data xaneiro de 2015 redactado polos arquitectos D. Nicolás Castelo Pérez e D. Luis Felipe Cabezas Torrelo por encargo deste Concello para rehabilitación de edificio Municipal: “ALBOIO DE QUININ”.

Segundo.- Aprobar a solicitude ocupación do D.P.M.T. ante a Demarcación de Costas de Galicia para execución do proxecto de rehabilitación de edificio municipal “ALB OIO DE QUININ”

CONTROL E FISCALIZACION DOS ORGANOS DE GOBERNO:

Punto núm. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 8.- MOCIONS E PROPOSTAS.

Non hai Mocións.

Acto seguinte e previo a entrar no turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presenta pola vía de Urxencia a seguinte Moción:

“DOCUCUMENTO DE APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RIA DE FERROL.

A grave situación pola que atravesamos o sector naval na ría de Ferrol segue, logo de máis de tres décadas, nun proceso de progresivo desmantelamento; constituíndo en contraposición ao papel que lle correspondería como sector estratéxico na economía comarcal e galega, un dos elementos que máis está a contribuir ás elevadas taxas de desemprego (as máis altas de Galicia), emigración e índices de emerxencia social e pobreza no entorno dos concellos da comarca.

A aguda crise que atravesamos os estaleiros de Navantía Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen, a practicamente inexistente, carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral. Ésta xa ten manifestado a súa inqueda con mobilizacións masivas e de non variar a situación intensificaráse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá.



As Corporacións Municipais, advertimos da necesidade de novos contratos, que garantan plena ocupación nos estaleiros da Ría e a súa División de Reparacións. Esiximos un compromiso firme de todas as Institucións para dotar de medios técnicos e humanos ao estaleiro de Fene e a garantía de Navantía de facer efectivo xa o levantamento do veto a Construcción Naval Civil. Entendemos básicas estas demandas que, de non ser atendidas derivarían nunha sería ameaza para o futuro do naval, un sector estratéxico e fundamental na economía das nosas comarcas.

Os Alcaldes de Ferrolterra, Eume e Ortegá, en representación das nosas Corporacións, sumámonos ás lexisimas demandas dos axentes sociais e facemos un chamamento a todas as institucións a comprometerse, na resolución inmediata das devanditadas demandas, que enumeramos a continuación:

- 1.- Mantemento da titularidade de todos os centros de traballo de Navantía na Ría de Ferrol.
- 2.- Defensa do sector naval civil e militar, potenciación de Reparacións e Turbinas, fabricación de bens de equipo, produción en offshore e enerxía renovables, Defensa destas actividades como sector estratéxico en Galicia.
- 3.- Dotación inmediateiramente de carga de traballo aos estaleiros da Ría, garantindo a colocación de sendas quillas nas gradas de Ferrol e Fene.

Construcción do Dique, orde de execución urxente do mesmo.

- 4.- Plan de futuro, que asegure o sostemento da compañía e o seu reforzamento a medio e longo prazo, coa participación dos representantes dos traballadores/as.

*Incorporación de xóvenes que garanta a continuidade de todos os centros de traballo, dotándoos de plantilla suficiente para afrontar calquera tipo de proxecto, evitando a liquidación de todos de traballo, a precarización das condicións laborais e a merma de capacidade de produción.

Industria Auxiliar, como complementaria para Navantía, non como mecanismo de abaratamento de custes.

Demanda de contratación propia como no resto de Administracións e eliminación da precariedade equiparando as condicións laborais e salariais.

Capitalización e posta en marcha dun Plan de Investimentos, que modernice os estaleiros e potencie a I+D+I en todas as áreas.

5. Descentralización da xestión, en especial os departamentos de Compras aprovisionamentos.



6.- Esixencia ás organización políticas do cumprimento e seguimentos destes obxectivos.

7. Reunión urxente do Presidente da Xunta de Galicia, a Dirección de Navantía e os Comités de Empresa de Navantia Fene-Ferrol, coa presenza conxunta dos Sindicatos, da Universidade, e de representantes públicos e económicos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 NAL e 1 SON de Ares), e 3 abstencións do Grupo Municipal Popular acorda declarar a urxencia e en consecuencia a súa inclusión na Orde do Día.

Acto seguinte somete a votación a Moción e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 NAL e 1 SON de Ares), e 3 abstencións do Grupo Municipal Popular acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde-Presidente, pregunta os Voceiros se teñen algunha Moción para presentar ó Pleno pola Vía de Urxencia

O Sr. Mesias Farías, presenta a seguinte Moción, “ Moción do BNG a prol da convocatoria dunha Xunta de Voceiros, e é para instar o Alcalde Presidente do Concello de Ares, a que convoque unha Xunta de Voceiros para que nos informe de todos os pormenores deste tema, de todos os pasos que se diron e as decisións que se están a tomar así como as consecuencias que vimos sufrindo no servizo da Policía Local.

Sr. Alcalde debe estar referido o proceso que se vive na Policía Local, cun proceso xudicial e unha investigación en marcha.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 6 votos a favor (3 BNG e 3 P.P.), e 7 votos en contra (5 PSOE, 1 NAL 1 SON DE ARES), acorda rechazar a urxencia da Moción.

C) O Grupo Municipal Popular no Concello de Ares, o amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva o Pleno da Coroporaación para o seu debate a seguinte

“MOCION DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR PARA PROPONER UNA REBAJA EN EL TIPO DEL IMPUESTO DE BIENES INMUEBLES Y PARA INICIAR UN PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN DEL VALOR CATASTRAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



El impuesto de Bienes Inmuebles en Ares, actualmente tiene fijado un tipo impositivo de 0.70 para urbano y 0.75 para rústico.

Cuando el Gobierno Socialista se hace cargo de la Alcaldía de Ares, en el año 2007, el tipo impositivo será de 0.55 para urbana y 0.70 para rústico. Esto se resume en una subida del 26.14% para urbano y 7.03% para rústico.

Observando los recibos de años anteriores se aprecia que la base liquidable es inferior al valor catastral y que todos los años desde 2012 va subiendo. Esto indica que se ha aplicado un índice corrector para que la subida del IBI se realice de una forma progresiva durante una serie de años. Dentro de dos años, el valor catastral será igual a la base liquidable y se consumará la subida aplicada en los años anteriores.

En Ares, seguimos sufriendo uno de los IBIs más altos de Galicia. El último recibo que los areanos han tenido que abonar presentaba una nueva subida del 1%

Así mismo, la valoración catastral efectuada en el año 2007, refleja unos valores muy superiores a los que actualmente pueden considerarse reales o de mercado, lo que también refuerza que el recibo de Ares esté entre los más caros de la Comunidad.

PROPUESTA

1º.- Instar al Concello a rebajar el tipo del impuesto para el año 2016, hasta el 0.60 para urbano y 0.65 para rústico.

2º.- Instar al Concello a iniciar un procedimiento de revisión de los valores catastrales ante la Dirección Xeral do Catastro, de acuerdo con el procedimiento legalmente establecido.

3º.- Instar al Concello a aplicar las modificaciones necesarias en los próximos años en el tipo impositivo, para evitar subida alguna mientras se tramite el procedimiento de revisión de los valores catastrales.”

Sometida a votación a urgencia o Pleno do Concello 6 votos a favor (3 PP e 3 BNG) e 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares), acorda rechazar a urgencia.

PUNTO NÚM. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas,

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias, e formula as seguintes preguntas:



- Nas Sentenzas que veñen hoxe a dar conta, hai unha o respecto do que temos que devolver pola obra da Casa da Xuventude, e que eso terá que ter algún responsable, eso terá que haber algunha responsabilidade política e administrativa, non pode ser que nos contemos con unhos cartos e que logo nos obriguen a devolver eses cartos, cando na Sentenza, o Concello si recoñece que houbo esas infraccións, que a institución que concede a subvención entende como graves e polo tanto, non se pode dar a subvención, polo tanto terá que haber unhas responsabilidades políticas, o igual que na Sentenza do que hai que devolver á empresa CONCIFA. Concifa reclama unha cantidade de cartos que xa tiñan que estar incluídas no Plan de axuste do Concello e decide que non as mete no Plan de Axuste por que non están ben xustificadas ou o que sexa a empresa vai o Xulgado e resulta que gaña, non hai que ingresarle a cantidade que pedía pero si arredor de 140.000 euros, pois tamen ahí terá que haber unha responsabilidade, vostede na Xunta de Voceiros dixo o outro día que eso non eran obras súas, vostede leva aquí 8 anos, entón levamos con isto máis de 8 anos, e si era obra de outros pois pedirlle explicación o outro. Vostede ten agora oportunidade de facelo, a única persoa que estaba daquela no grupo de goberno daquela era Luis Cendán, vostede o ten agora no goberno pidalle explicacións a el.

E brevemente, entender o castelan a mín no me resulta na difícil o entendo perfectamente o que debe ser difícil para vostede e falar galego para cumprir o pacto con SON DE ARES referido o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, moitas grazas a e ata logo.

Sendo as trece horas e coarenta minutos abandonaa a Sesión o Sr. Mesias Farías.

Interven o Sr. Fernandez Permuy, manifestan quere facer mención a varios acontecementos que hai agora no Concello, o tema das farolas na Rúa Santa Barbara, fai un mes esas ruas quedaron sen alumeadado, e onte volvía a suceder o mesmo, non sei a que se debe esto pro canto menos é vergonzoso que se repita continuamente, onte pasaba eu pola rúa Santa Barbara e os veciños que se atopaban alí estaban bastante molestos coa situación.

En segundo lugar se están executando as obras de auga de Lubre, e o outro día tamén había queixas dos veciños, por que non había sinalización tanto das obras como de camiños alternativos, creo que se tomaron cartas no asunto e xa se fixo algo, non o sei, pero en todo caso creo que antes de empezar as obras se deberían de planificar bastante millor.

Na resolución da Alcaldía núm. 454 hai unha factura, que corresponde o aboamento da factura eléctrica da Casa do Patin, a un constructor, eu quería saber como vai a quedar eso agora, porque se sigue pagando a luz a ese constructor e non ben a nome do Concello.



E despois a resolución núm. 481/2015, quería saber porque se pide un informe, coido que é a Deputación, polo tema dos trienios, quería saber que se me aclarase esta resolución.

Interven a voceiro do Grupo Popular, manifestando que con respecto á Composición das Comisións Informativas, lle pido que legalize a situación e que adopte as medidas oportunas a nivel retributivo.

Na composición das Comisións Informativas, nas do PSOE non aparecen os suplentes.

Con respecto a Resolución núm. 341/15 hai un importe de 6192 euros de quería saber a que se corresponde.

Quería saber tamén a onde van ir a parar as antigas farolas que se están substituindo polas novas farolas leds.

Por que non veñen as Resolucions do Gasto, do homenaxe do Bo Ramón e do Curso de liderazgo político.

Nosoutros co tema do Policia Local, creo que fumos moi prudentes sempre, pero o que non pode facer, é negarnos o dereito os Concelleiros da Información, entonces lle rogamos que nos informe, ben sexa nunha xunta de voceiros, ou nunha comisión de persoal, dame igual.

Con respecto o tema de Auxiliar Administrativa de Tesourería, hai dúas persoas que están afectadas, quería que me dixede que vai a facer con este tema.

Por último co tema da Casa da Xuventude, solicitamos e pedimos responsabilidades políticas e administrativas, pedimos unha Comisión Extraordinaria de Facenda, para que se nos informe que é o que pasou con isto, porque é moi grave, e queremos saber como vai a financiar esta debeda, igual que a perda da parte da subvención da Plaza da Constitución, porque non se axusta o proxecto.

E por último quero facerlle dous rogos: Instar a Deputación o pintado do paso de peons que hai na estrada que vai a Redes, na rotanda.

E outro rogo é que nas actas dos Plenos aparezcan as intervencións dos distintos grupos.

Resposta o Sr. Alcalde: Na acta se votou, pediches que quedara enriba da Mesa, e se votou, non sei se a democracia vale, e no de dar conta dase conta, e logo en rogos e preguntas cada un fai o que queira. Hai un regulamento aprobado do que eu nunca votei man, e xa que se é tan riguroso o aplicamos e punto.

Na Casa do Patin a responsabilidade política e miña, non cabe dubida algunha.



En oito anos como Alcalde, eu trouxen moitas cousas, non había gardería, non había casa da Xuventude, non había piscina, so había un parque infantil agora hai oito, non había clube marítimo.

Na praza da Constitución, Concifa estaba nas últimas, paralizou esa obra meses, e efectivamente perdimos unha parte da subvención, no tema da Casa do Patín a adxudicación provisional se fixo con un día de retraso, non é un incumprimento de exención, a adxudicación definitiva se fixo con 10 días de retraso, tampouco é un incumprimento de exención. E a empresa contratista en lugar de contratar a tres contratou a dous, e eso se considera un incumprimento esencial porque o destino dos fondos do Plan E, era fomentar a contratación, e certo que non é un incumprimento total, e ún incumprimento parcial, terían que descontarnos a parte proporcional da subvención dado que se fixo a obra, deberían de descontarnos a financiación para contratar o terceiro, o principio de proporcionalidade é un principio xeral do dereito, eu me salto un semáforo e non me condenan a morte. A responsabilidade política e miña e o resto das responsabilidades quen as quera que as busque.

O tema de Concifa, as responsabilidades non son de este Goberno, cando nos chegamos o goberno Concifa quería cobrar unhas obras sobre as que non hai contrato, cando chega o Plan de Provedores, podería entrar, pero Facenda nos pide que xustifiquemos a debeda, e como xustificas a debeda se non tes contrato. Concifa nos demanda aparecen unha serie de testigos que podedes comprobar na Sentenza, que son os que teñen a responsabilidade política no seu momento, e eu que vou a dicir que a houbera pagado el cando foi Alcalde, e volvo a dicir o mesmo que no caso anterior, quen quera buscar responsabilidades que as busque.

Na Resolución 454 se paga a luz porque se ten que pagar, son asuntos de trámite e se alguen se preocupa de facer a Resolución e pasala a firma é porque ten que ser así, e se lle paga a Titin porque facendo a obra tiña a luz de obra e o recibo ven a nome del.

Na Resolución núm. 481, que é un tema de trienios hai unhas trienios que poden estar ou non mal calculados, e que non temos moi claro como se deben facer, e un tema que ven de antigo, o tema é complicado e pedimos un informe a Deputación, os efectos de dirimir a contía correcta, pedimos o informe e suspendimos o pago deses trienios.

O tema das Comisións Informativas xa respotei aínda que son de difícil entendemento, o número de membros depende da adscripción que fagan os distintos voceiros, eu sei que en cada comisión mínimo hai 4 membros e logo dependerá da adscripción que fagan NAL e SON DE ARES, que están en tres comisións cada un.



A Resolución 341 se pagan 6192, e corresponden as Xornadas de Violencia de Xenero que levamos varios facendo, e que subvenciona a Deputación, e un contrato menor, hai unha empresa que as fai, o fai ben o seguimos facendo con ela.

En relación coas foralas se colocaron noutros sitios, por exemplo na Praza da Igrexa había 5 foralas dobles, cando viñeron estas 3 foron para Area Morta, 1 foi para a Porta do Sol e outra para Lubre.

Os gastos do Bo Ramón e do Curso de Liderazgo, é moi sinxelo, hai unha resolución onde se paga a matrícula, a partir de aí xa non hai máis resolución de gasto haberá dietas de desprazamento, de todos modos aquí ven a Conta Xeral, onde queda reflexado como se fixo o gasto.

Da Policía, xa informei, é unha investigación xudicial, non teño competencia, e unha investigación policial, non teño competencia, do que tiveren competencia para saber abrin un expediente informativo, cando este expediente informativo remate me informaran y punto. O Instructor terá que dicir como se informa, se é secreto ou non , se hai protección de datos.

O tema da Auxiliar de Tesoureria, cumpriremos a Sentenza.

Para financiar a debida da Casa da Xuventude, a vai a financiar traballando, pedindo subvencións como estou facendo.

O paso de peons, queda o rogo.

O tema das farolas de Santa Barbara, cando recibimos o aviso de avería, vamos e se amaña, e encontramos o cadro aberto con dos cables arrancados, esto esta pasando moi amenudo hai xente que intenta rouba cable onde pode.

En canto a obra de Lubre facemos o que podemos, soamente temos un Policia Local, as obras todas distorsionan, non so en Ares, tamen en Coruña e en Madrid, son cousas que se intentan amañar a maior rapidez posible.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e vintetres minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,